

As aventuras de Ulises: algunhas concordancias e discordancias entre as versións da *Odisea*, A *Crónica Troiana* e a *Historia Troyana*

Andrés Xosé Pociña López

RESUMO Na primeira parte do artigo faise eco Andrés Pociña do interese que o mundo grecolatino, nomeadamente a Guerra de Troia, suscitou nas literaturas medievais europeas. Repasa as versións que se fixeron en Francia e na Península Ibérica. Na segunda parte analiza este estudioso as semellanzas e diverxencias entre o relato do regreso de Ulises na *Odisea* de Homero e na *Crónica Troiana*, ampliando esta comparación á *Historia Troyana* cando as dúas obras galegas difiren. Chega á conclusión de que hai moitos anacronismos nas versións medievais, xa que os personaxes, certas situacións, e mesmo o amor, están tratados ao gusto medieval.

ABSTRACT In the first part of his article AP notes medieval interest in the Graeco-Latin world in general, and in the Trojan War in particular, listing the translations of the latter done in France and in the Iberian peninsula. In the second part, he analyses the similarities and differences in the accounts of the return of Ulysses in Homer's *Odyssey* and in the Galician *Crónica troiana*, including the variants of the Galician *Historia troyana* where this differs from the latter. He concludes by noting the anachronisms in the medieval translations, whereby the characters, certain situations and even love, are dealt with in a manner different from that of their ancient source.

57

O interese medieval polo tema da Guerra de Troia hai que inscribilo dentro do amplo movemento de revalorización non só das lendas clásicas en particular, como de todo o recordo do mundo grecolatino en xeral, que ten lugar a partir do século XII¹ e que dará orixe ao nacemento do chamado *roman antique*.

¹ De feito, Ch. H. Haskins puido falar dunha "renascenza do século XII", e dedicoulle un volume enteiro, *The renaissance of the twelfth century* (1928), citado por E. R. Curtius, *Literatura Europea y Edad Media Latina*, trad. de Margit Frenk Alatorre y Antonio Alatorre, Madrid, Fondo de Cultura Económica / España, 1976, vol. I, p. 86, en nota. A idea desta "renascenza" ou "rexurdimento" é aceptada sen indecisións por Ernst Robert Curtius (*Op. cit.*, p. 86), quen chega textualmente a dicir que "los siglos XII y XIII constituyen un punto culminante en la poesía y en la ciencia de Roma" (*Idem*, p. 48). E, citando palabras de P. Lehmann (*Corona Querneá*), sinala que nesta mesma época, "la lengua y literatura latinas llegan [...] desde la Europa central, meridional y septentrional hasta Islandia, Escandinavia, Finlandia y, en el Sudeste, hasta Palestina" (*apud Curtius, op. cit.*, p. 48).

Sabemos, por exemplo, que a historia de Tebas, a da Eneida ou as que narraban a destrución de Troia excitaron vivamente a imaxinación do home medieval. Como exemplo disto, sirvan estas palabras de Ernst Robert Curtius, “La historia de Tebas fue un libro favorito de la Edad Media; llegó a ser tan popular como las leyendas del rey Arturo”². Respecto ao tema troiano, que aquí nos ocupa, temos que dicir que foi extraordinariamente difundido por toda Europa, sobre todo a partir das obras de dous autores de dubidosa realidade histórica, Dares e Dictis, que reemprazaron a Homero como fonte fundamental de información sobre este asunto³. Do primeiro non conservamos máis que unha obra en latín do século VI despois de Cristo, titulada *De excidio Trojae historia*, pero que nos é presentada como tradución dun orixinal grego que remontaría a un tal Dares Phrygius, natural de Troia, quen tería vivido os acontecementos da guerra e destrución da súa cidade; do segundo unicamente temos unha *Ephemeris belli Trojani*, tamén en latín, esta pertencente ao s. IV da nosa era, mais presentada igualmente como tradución dun orixinal helénico debido a Dictys Cretensis, un grego que acompañara a flota de Menelao e Agamémnon na súa expedición contra Ilión⁴. Todo é, loxicamente, unha grande impostura; sen embargo, perante os ollos da fervorosamente imaxinativa mentalidade medieval, ambos os dous autores “vivenciais” puideron pasar por auténticos, o cal explicaría que se dese máis creto a estes do que ás creacións de Homero, que non pasaba de poeta “fantasioso”⁵. Por todo isto, chegada a hora de apareceren escritas obras sobre Troia, ao longo da Idade Media, teranse sempre en conta estes “verídicos” narradores e non o poeta “fabuloso” dos comezos da literatura europea. Ambos os dous amosaranse, en tanto que autoridades sempre dignas de creto, baixo os nomes de Daires e Dites, tanto na *Crónica Troiana* galega como na *Historia Troyana* galego-castelá. Á parte deles, tivo grande autoridade para estes temas a obra de Ovidio, en particular as súas *Metamorfoses* e as *Heroídas*, libros que influíron en moitos escritos medievais que refiren a historia de Ilión⁶.

² Ernst Robert Curtius, *Op. cit.*, vol. I, p. 38.

³ Cfr. Ramón Lorenzo, “Introducción” á *Crónica Troiana*, edición crítica, estudio e notas por Ramón Lorenzo. Disposta pola Real Academia Galega, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1985, pp. 8-10. Así mesmo, en José Luis Rodríguez, “Crónicas Gallegas Medievales”, artigo na *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago de Compostela / Gijón, Silverio Cañada editor, 1974, Volumen VIII, pp. 39-42, cfr. p. 40.

⁴ Cfr. Ramón Lorenzo, “Introducción” á súa edición da *Crónica Troiana*, cit., p. 8.

⁵ *Idem*, pp. 8-10.

⁶ Agapito Rey puido determinar a influencia ovidiana, sobre todo de *Metamorfoses* e *Heroídas*, por exemplo, na parte que se lle dedica á guerra troiana na *General Estoria* de Afonso X o Sabio. Cfr. Leomarte, *Sumas de Historia Troyana*, edición, prólogo, notas y vocabulario de Agapito Rey, Anexo XV da *Revista de Filología Española*, Madrid, S. Aguirre, 1932, p. 18.

É en Francia onde comezan a se escribir, xa en plena Idade Media, obras en lingua romance sobre o tema da guerra de Troia, tomando como base a Dares e Dictis, mais facendo asemade unha nova creación, totalmente distinta, adaptada aos gustos novelescos da época. O primeiro en facelo será Benoît de Sainte-Maure, crego, posibelmente anxevino, que redactou entre 1155 e 1165 o *Roman de Troie*, novela en verso composta en pareados octosilábicos, que tivo unha difusión e fortuna enormes⁷. A novela de Sainte-Maure serviu de base a diferentes traducións, moitas delas localizadas na Península Ibérica, como inmediatamente habemos ver; outras na Alemaña, como a *Liet von Troye*, de Herbort von Fritzlâr (c. 1190 a 1217) ou o *Buch von Troye*, de Konrad von Würzburg (1287)⁸. Tamén foi refundida en prosa francesa, con varias versións, entre elas unha, a chamada *Versión Meridional*, que servirá de base ao italiano Guido de Columna, quen a traducirá na segunda metade do século XIII do francés ao latín co nome de *Historia destructionis Trojae*, obra que gozará de gran predicamento, mercé fundamentalmente a estar redactada na lingua do Lacio⁹.

A repercusión destas obras na Península Ibérica será enorme. Faranse numerosas traducións, ás diversas modalidades lingüísticas peninsulares, dos dous textos máis importantes: do *Roman de Troie* en verso, de Benoît de Sainte-Maure, e da *Historia destructionis Troiae* en prosa, de Guido de Columna. Á parte dalgunhas influencias, recibidas en España con independencia de ambos textos (e en épocas mesmo anteriores a eles), como epitafios do século XI ou obras en latín tamén dese mesmo século¹⁰, e de monumentos literarios do XIII como o *Poema de Alexandre* ou as partes referidas á guerra troiana que figuran na *General Estoria* e na *Primera Crónica General* de Don Afonso X o Sabio¹¹, teremos que esperar ata o XIV para acharmos as primeiras versións hispánicas de ambos os textos básicos.

⁷ José Luis Rodríguez, art. cit., p. 40; R. Lorenzo, "Crónica Troiana", artigo no *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, organización e coordinación de Giulia Lanciani e Giuseppe Tavani, Lisboa, Editorial Caminho, 1993, pp. 192-193. (Cfr. p. 192).

⁸ Ramón Lorenzo, "Introducción" á *Crónica Troiana*, cit., p. 20.

⁹ Cfr. Ramón Lorenzo, "Introducción" cit., p. 20; "Crónica Troiana", art. no *Dicionário...*, cit., p. 192.

¹⁰ Cfr. Agapito Rey, "Prólogo" á súa edición de Leomarte, *Sumas de Historia Troyana*, cit., p. 15. Cfr. asimesmo Lorenzo, "Introducción" cit., p. 23.

¹¹ Antonio G. Solalinde, "Las Versiones Españolas del *Roman de Troie*", na *Revista de Filología Española*, III, 1916, pp. 121-165. (Cfr. pp. 121-122). Cfr. tamén Agapito Rey, "Prólogo" a Leomarte, op. cit., pp. 16-20.

Con respecto ao texto de Sainte-Maure, parece ser que xa no século XIII circulaban polas bibliotecas hispánicas, manuscritos do *Roman* na súa lingua orixinal, manuscritos que, ás veces, conserváranse nalgunhas destas bibliotecas, o contido das cales foi aproveitado extensamente na *Grande et General Estoria* de Afonso X de León e Castela, segundo demostrou Antonio García Solalinde¹². As traducións, propiamente ditas, máis antigas do *Roman*, entre as que chegaron ata os nosos días, pertencen ao século XIV e están en castelán, aínda que Ramón Lorenzo considerou posíbel que foran feitas sobre un manuscrito inicial galego ou portugués, hoxe perdido¹³. Estas versións castelás son: a *Versión en Prosa y Verso* (segunda metade do século XIV), e a tradución en prosa que mandou facer Afonso XI o Xusticeiro, coñecida como *Versión de Alfonso XI* (1350). A partir desta última, transmitida a través dun manuscrito hoxe perdido, por unha banda, e de abundantes pasaxes das partes referidas a Troia da *General Estoria* de Afonso X, pola outra, elaborouse un texto bilingüe, a *Historia Troyana*, con capítulos en castelán e mais outros en galego. Sobre a versión de Afonso XI soamente, en troques, fíxose a tradución coñecida como *Crónica Troiana*, que unicamente emprega a lingua galega¹⁴. Esta *Crónica* en galego foi rematada en 1373¹⁵.

60

Aínda que o presente traballo hase centrar, máis que noutra cousa, na *Crónica Troiana* e na *Historia Troyana*, descendentes ambas, como acabamos de ver, da tradición que remonta a Benoît de Sainte-Maure, pensamos que non está de máis lembrar, mesmo que sexa só de pasaxe, as versións máis importantes que recibiu na nosa Península a obra de Columna.

Á parte daquelas máis directas, hai que facer referencia a unha creación de indubidábel valor literario e histórico, as *Sumas de Historia Troyana*, atribuídas a un tal Leomarte, autor imaxinario, a obra do cal se relaciona coa de Columna só de modo tanxencial. Con efecto, as *Sumas* de Leomarte son a primeira obra peninsular sobre Troia que emprega como unha das súas fontes o libro de

¹² *Idem*, pp. 122-123.

¹³ "Introducción" cit., pp. 191-202, onde explica con amplitude esta hipótese.

¹⁴ Para toda a historia da transmisión peninsular dos textos de Benoît, cfr. fundamentalmente Antonio García Solalinde, "Las Versiones Españolas del *Roman de Troie*", art. cit.; Kelvin M. Parker, "Introducción" á *Historia Troyana*, edición e introducción Santiago de Compostela, C.S.I.C. / Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos, 1975, pp. I-XII; J.L. Rodríguez, art. cit., pp. 40-41; Ramón Lorenzo, de..., "Crónica Troiana", art. no *Dicionário da Literatura...*, cit., p. 192.

¹⁵ R. Lorenzo, "Introducción" á *Crónica Troiana*, cit., p. 77.

Columna¹⁶, aínda que tamén utiliza a Benoît, as crónicas alfonsinas, a Godofredo de Monmouth, etc...¹⁷ Agapito Rey, responsábel da edición primeira e clásica deste texto¹⁸, datouno, de xeito aproximado, a mediados do século XIV¹⁹.

A *Historia Destructionis Trojae*, escrita en prosa latina por volta de 1287, é traducida, antes de 1375, por Jaime Conesa, ao catalán. Juan Fernández de Heredia, nos finais do século XIV, será o responsábel da súa translación á antiga lingua aragonesa. Para as primeiras versións castelás, emporiso, haberá que esperar ao século XV. Pedro de Chinchilla termina en 1443 a súa traslación a esta lingua. O texto latino é impreso en España en 1486 e 1489, anque de ambas as edicións só remanecen algunhas noticias. Dunha refundición deste texto latino, traducido, e mesturándoo coas *Sumas* de Leomarte, naceu a *Crónica Troyana* impresa, a primeira que, escrita en lingua castelá, se valeu da imprenta como medio de difusión. A súa primeira edición sae en Burgos en 1490; a obra tivo nin máis nin menos que 15 reimpresións ao longo do século XVI²⁰. Sobre unha destas edicións da *Crónica Troyana* impresa realizouse, ao cabo, unha versión portuguesa incompleta, conservada só en manuscrito, que é o único exemplo de libro en portugués pertencente enteiramente ao ciclo troiano; recentemente apareceu nunha edición crítica exemplar, debida aos coidados da profesora Ana María García Martín²¹. O manuscrito leva por título *Coronica Troiana em Limguoajem Purtugesa*.

61

En todos os textos que compoñen o *Roman Antique* podemos observar unha máis que curiosa forma de interpretar o Mundo Antigo, sempre dende a óptica medieval, adaptando e modelando os mitos, personaxes e modos de ser do pasado aos gustos do receptor da época. É máis ou menos o que Curtius

¹⁶ Agapito Rey, "Prólogo" a Leomarte, *op. cit.*, p. 22.

¹⁷ *Idem*, pp. 35-50.

¹⁸ Leomarte, *Sumas de Historia Troyana*, cit.

¹⁹ *Idem*, p. 14.

²⁰ Sobre a fortuna en España da obra de Columna hai unha boa (e moi recente) visión de conxunto en Ana María García Martín, "La *Coronica Troiana em Limguoajem Purtugesa*: la recepción en Portugal de la *Crónica Troyana* impresa", en *Literatura Portuguesa y Literatura Española. Influencias y relaciones* (Anexo XXXI da Revista *Cuadernos de Filología*), València, Universitat de València, 1999, pp. 17-36. Ver tamén, da mesma autora, o resumo que fai desta mesma tradición na súa "Introducción" á edición da *Coronica Troiana em Limguoajem Purtugesa*, edición y estudio por Ana María García Martín, Salamanca, Luso-Española de Ediciones, 1998, especialmente nas pp. 14-27. Igualmente, Agapito Rey, "Prólogo" a Leomarte, *op. cit.*, pp. 22-26.

²¹ Cfr. nota anterior.

denominou “Antigüidade medieval”, e que define como “la imagen que la Edad Media se forjaba de la Antigüedad”²². No *Roman Antique* en xeral, na *Crónica Troiana* en particular, o mundo clásico enxérgase dunha forma imaxinaria, transformado, reestructurado e acorde coas formas de vida da Idade Media, e coas esixencias dos lectores ou auditores dese tempo. O amor cortés, ou *la fin’ amors*, como dirían os provenzais, presente en toda a lírica amorosa do Midi e nas novelas artúricas, hase mesturar profusamente cos rudos temas épicos e guerreiros, dando orixe a un mundo novelesco moi peculiar. Os amores de Xasón e Medea, Troilo e Briseida, Aquiles e Políxena, etc., serán sempre vistos consonte os costumes eróticos propios da *fin’ amors*, coas súas coitas e mágoas, laios e queixumes, traizóns, remorsos...²³. Aparecen, ademais, aquí e alén, todo tipo de seres fabulosos, mesmo non se lles dando moita importancia aos deuses pagáns. Hai tamén moitos anacronismos. A guerra desenvólvese en forma de torneos, as cidades (Troia, etc.), sonnos descritas correntemente como burgos medievais. As roupas e alfaias, os costumes, a vida cotiá, todo iso está sempre visto de acordo cos gustos e modas daquel tempo²⁴. A *Crónica Troiana* galega e a *Historia Troyana* galaico-castelá dannos unha visión ampla da historia de Troia, dende a fundación da urbe, o periplo dos Argonautas, os amores de Xasón e Medea, o xuízo de Paris, etc..., deica as viaxes de Ulises e a súa morte nas mans de Telégono, coas historias de Orestes, Eneas... Sempre con elementos medievalizantes, como batallas desenvoltas entre troianos e gregos, namentres as damas ollan dende un castelo cómo loitan os cabaleiros. Cámaras encantadas, feitizos e meigallos... Fanse aparecer en época antiga arcebispos, bispos, catedrais, cabalos de Aragón, espadas da Alemaña...²⁵. Dentro deste contexto é onde deben entenderse as senlleiras aventuras polas que pasa o cabaleiro Ulises na *Crónica Troiana*, así como na *Historia Troyana*.

Será, precisamente, o obxecto da segunda parte deste artigo a análise das diverxencias e semellanzas entre o relato das viaxes de Ulises, de volta de Troia, na *Odisea* de Homero, e as aventuras polas que pasa o mesmo personaxe na *Crónica Troiana*, a salientar de forma especial algunhas interpretacións tipicamente medievais das fazañas do devandito heroe neste último libro. Así mesmo, teremos moi en conta as diferencias entre o texto da *Crónica* e aquel

²² Curtius, *op. cit.*, vol. I, p. 39.

²³ Cfr. Lorenzo, “Introducción” *cit.*, p. 13.

²⁴ *Idem*, pp. 13-14

²⁵ Cfr. Lorenzo, “Crónica Troiana”, no *Dicionário de Literatura...*, p. 193.

da *Historia Troyana*, sobre todo naqueles casos nos que esta última novela acrecenta, perfecciona ou simplemente amplía as accións ou descricións proporcionadas pola primeira. Cando ambos textos non difiran en aspectos substanciais, limitarémonos a dar a versión da *Crónica*.

Na *Crónica Troiana*, Ulises aparece perfectamente descrito, no capítulo 64, dentro da presentación dos guerreiros gregos máis importantes e baixo a rúbrica “Das ffeyturas de Ulixas”²⁶. Unha perfecta descrición, tanto física coma moral:

Ulixas vençeu a todos de beldade, et non era moy grande de corpo nen <de>²⁷ pequeno, mays era moy sisudo, et falava moy ben, et entre dez mill non poderia omme achar tan rrevolvedor de preytesya, nen tan gran bulrrador, que el nunca deria verdade hũa ora; mays empero era moy entendudo et moy cortês. [p. 270. F. 27v.]

A *Historia Troyana* dános unha descrición semellante, se ben con leves diferencias, algunha delas significativa²⁸. Esta descrición da *Historia* sitúase nun dos folios escritos enteiramente en galego²⁹. Eis a reproducida conforme á edición de Kelvin M. Parker:

Ulixas vençia a todos de bondade. Et non era moy grande de corpo nen moy pequeno, mays era moy sesudo et falava moy ben. Et ontre dez mill ommes non acharian quen fose tan grande rrevolvedor de pleytesia et de outras cousas, nen acharian tam gran barallador. Ca el nunca diria verdade, tan solamente [SIC!] hũa ora; enpero, era moyto entendido et de bõo siso natural. Et era moy cortês et ensynado³⁰.

²⁶ No folio 27v. Sempre que citemos pasaxes da *Crónica Troiana*, farémolo pola edición crítica de Ramón Lorenzo (cit. *supra*), indicando, entre corchetes e sen necesidade de recorrer a nota, a páxina da edición de Lorenzo, seguida do folio correspondente do manuscrito. Regularizaremos, sen embargo, a ortografía, aínda que moi superficialmente, o mínimo para facilitar a lectura e comprensión rápidas do texto. O epígrafe “Das ffeyturas de Ulixas” aparece, dentro da edición de Lorenzo, na páxina 270.

²⁷ Supresión que, aínda que parece lóxica tendo en conta o sentido do texto, non foi considerada por Ramón Lorenzo. Como apoio á supresión, á parte o sentido, pode axudar a lectura que fai a *Historia Troyana*: “Et non era moy grande de corpo nen moy pequeno”, que citamos máis abaixo.

²⁸ Cfr. Nota anterior.

²⁹ Concretamente, no F. 50r Galego.

³⁰ *Historia Troyana*, edición e introducción de Kelvin M. Parker, Santiago de Compostela, C.S.I.C. /Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos, 1975, p. 94.

Na *Crónica*, a historia do regreso de Ulises comeza coa narración, por parte deste, das súas aventuras ao rei Ydameens de Creta, no pazo do cal é recibido cortesmente, despois de atracar nesta illa. Ydameens ocupa, no contexto da *Crónica*, o papel do rei Alcínoo; a Creta onde Ulixas desembarca corresponde-ríase, na economía do relato galaico, coa Esqueria dos Feacios da *Odisea* homérica³¹; sen embargo, este tal Ydameens non é outro senón o rei Idomeneo, que aparece, de feito, como rei de Creta na *Odisea*. En realidade, trátase de dar como verdadeiros algúns pormenores incluídos na mentira que Ulises conta á deusa Atenea, á súa chegada a Ítaca, e segundo a cal el non procedía de Esqueria, senón de Creta, da corte de Idomeneo, de onde debía fuxir por mor dun crime, escapando cuns fenicios que, emporiso, despois hano abandonar á súa sorte en Pilos³². Esta mentira, dada pois por válida, é mesturada coa realidade de xeito máis ou menos “arquetípico”, ocupando Ydameens o lugar de Alcínoo. Este mesmo aparecerá, de todos os xeitos, con posterioridade na *Crónica*, iso si, para ocupar un papel algo máis secundario e co seu nome transformado en Aļceom, como máis tarde habemos de ver.

64

Ulises chega a Creta con “doze naves, que alugara de mercadores por mil moravedís, segundo que Dites conta” [pp. 711-712. F. 182v.], dirá despois a *Crónica*. É relevante dabondo ver que o narrador apoia o seu relato na autoridade de Dictis, chamado “Dites” no texto galego. Contará Ulixas a Ydameens “as coytas et os perigoos per que pasara ata que chegara a aquel lugar” [p. 712. F. 183r.]. Navegaba con moitísimas riquezas, que logo irá perdendo, e acompañado de “muy bõos cavaleyros ardidos et de gran prez” [*Ibidem*]. Desembarcan en Minerva (?) e despois en Letífegus (¿as illas dos Lotófagos?³³), onde non son detidos por nada nin por ninguén, razón pola que proseguen o seu camiño. Despois, sen embargo, unha forte treboada arrástralos deica Sicilia. Aquí difire o texto da *Crónica Troiana* do que nos di a *Historia Troyana*. Nesta última, hai que aclaralo, todas as aventuras de Ulises aparecen redactadas *en galego* (débase lembrar que se trata dunha versión bilingüe en galego e castelán), e sen excesivas diferencias co texto da *Crónica*. En ocasións, de todos xeitos, o texto da *Historia* proporciónanos máis datos dos que mostra a *Crónica*, como neste caso.

³¹ Para as referencias que fagamos á *Odisea*, empregaremos sempre a versión de José Luis Calvo: Homero, *Odisea*, Cátedra, Madrid, 1987. Para o asunto do relato de Ulises ante Alcínoo, cfr. pp. 146-150.

³² Cfr. Homero, *Odisea*, ed. cit., pp. 240-241.

³³ Cfr. *Odisea*, ed. cit., pp. 169-170.

Así, a *Crónica* limitábase a constatar:

Et veolle hũa tan gran tormenta que os deytou en acalço, et a aventura os guiou muy mal, ca chegaron a *atal porto* hu rreçeberon muyto dano et muyto mal [*Crónica*, pp. 712-713. F. 183r.]

omitindo, polo tanto, o nome do lugar onde desembarcan e sofren todos eses danos. A *Historia Troyana*, polo seu lado, si especifica que chegan á illa de Sicilia (nomeada, no galego da época, Çeçilia)³⁴:

et venceolles tan gran tormenta que os lançara em Çeçilia. Et a ventura os guiou tan mal que chegaron a atal porto onde rreceberon tal danno et moyto mal.[*Historia*, p. 351. F. 212r. Galego]

Esta illa de Çeçilia, ou este “atal porto” innominado a onde chegan, non é outro sitio senón a illa dos Cíclopes, quen tamén lle fixeron gran dano a Ulises na *Odisea*³⁵. Nas versións galegas aparecerán estes cíclopes como “dous yrmãos, rreys daquela terra” [*Crónica*, p. 713. F. 183r.], chamados Rretrioglen e Çiclopen na *Historia* [p. 351. F. 212r. Galego] e, de forma algo distinta, Rrestrígolen e Çícloren na *Crónica* [p. 713. F. 183r.]. O que estes “reis” lles fan a Ulises e á súa xente en ambas novelas galegas é roubarlles todo canto lles peta, e ser con eles tan crueis como poden [*Ibidem*]. Con respecto a ese tal “Rrestrígolen” ou “Rretrioglen”, podería ser unha recreación libre doutro capítulo da *Odisea*, aquel no que se fala dos Lestrígones³⁶.

65

Chegan despois ás “ínsoas de Oly” [*Crónica*, p. 714. F. 183v.], que corresponden á illa Eea, onde habitaba a maga Circe³⁷. Na *Crónica*, os navegantes serán “ben rreçebudos de duas rre?ñas que avia y, señoras daquelas ínsoas” [*Ibidem*]. Os seus nomes son Çirçes e Calixa [*Ibidem*] e a súa caracterización, como bruxas por unha banda e como namoradeiras por outra, coincide case exactamente coa da Circe homérica:

³⁴ Neste caso, como sempre que queiramos comparar o texto da *Crónica* con aqueloutro da *Historia Troyana*, citaremos esta última pola edición de Kelvin M. Parker: *Historia Troyana* (antes citada), indicando o número da páxina nesta edición e o número do folio no manuscrito, de idéntica forma a como facemos coas pasaxes da *Crónica Troiana*, e actualizando a ortografía segundo idénticos criterios. Para evitar confusións, no sucesivo especificaremos o texto que se está a citar, escribindo, diante do número da páxina e tamén dentro dos mesmos corchetes, *Crónica* ou *Historia*.

³⁵ Cfr. *Odisea*, cit., p. 170-183.

³⁶ Cfr. *Odisea* cit., pp. 186-187.

³⁷ Cfr. *Odisea* cit., 188-200.

Et a hũa dizian Çirçes et a outra Calixa, et tanto eran ambas sabedores d' encantamentos et de spirimentos que acabavan todas-las cousas que obrar quisesem. Et, sen falla, nunca fuy quen oýse falar de duas donas que mays soubesen ca estas, ca elas non avian maridos nen señores; mays quando algũus rreys ou príncipes aportavan en estas ínsoas, elas per seus encantamentos lles fazian sofrer tantas coytas que ante quirian a morte ca viver en tal afam, et encantavã-nos asy que ficavan namorados delas [...]. [*Crónica*, 714-715. F.183v.]

66 Non é difícil identificar esta Calixa con Calipso, de quen tamén se fala na *Odisea*³⁸. Cando chegan a Oly, Ulixas cae en poder de Çirçes mercé aos seus “encantamentos et seus spirimentos tan fortes” [*Crónica*, p. 715. F. 184r.], de maneira que esta acaba por tomar o heroe “por amigo, que ja mays nunca de sy partise” [*Ibidem*]. Como o noso protagonista é tan bo mozo, tan garrido e tan cortés, Circe “era commigo [fala Ulixas] tan leda et avia tan gran prazer que mayor non poderia” [*Ibidem*], e, de feito, “ante que aquel mes fose fora, ficou ela preñada dun fillo” [*Ibidem*]. Sen embargo, unha das características novidasas que ofrece o Ulises da *Crónica* con respecto ao da *Odisea* é que se trata dun gran meigo. Quizais isto fose tomado daquela sona de “astuto” que tiña o Odiseo homérico. Sendo, como é, poderoso feiticeiro, como conta a Ydameens, “outrosi fige meus spirimentos et mñas encantações, ca, se ela algo aprendera ende, muyto mays sabia eu” [*Ibidem*]. Foxe, pois, sen maiores problemas do poder de Circe, e todos os meigallos desta vólvense contra si mesma, “ca enno mundo nunca fuy moller que asy fose coyitada d' amor commo ela fuy gran tempo, desde me eu dela parti” [*Ibidem*].

Topan despois coas Sereas do Mar, igual que os navegantes do poema homérico³⁹. Estes seres fabulosos adoptan, na *Crónica*, o seguinte feitío:

hun perigoo, o mais grande et o mais esquivo que ha en todo o mar, ca fui per hun lugar hu vivian as sereas, que som aleyvosas et enganosas muyto, ca elas ham as vozes claras, que semellan aguias, et seu canto tan saboroso he que, despois que as omme oyr, non pode aver sabor en outra cousa [*Crónica*, p. 716. F. 184v.]

³⁸ Cfr. *Odisea*, pp. 147-148 y p. 233.

³⁹ *Odisea*, cit., 226-227.

Di Ulixas que “per aquel lugar ouve eu de pasar, querendo ou non, et oý cantar mays de quiñentas sereas” [*Crónica*, p. 717. F. 184v.]. Mais tamén liscarán dalá, mercé ás artes máxicas do heroe, e á súa grande esperteza: “et per meu siso estraycí ende, et quantos commigo ýam” [*Ibidem*], aínda que non nos é revelada con exactitude a maneira que tiveron de o lograr.

Pasadas todas estas aventuras, chegan ao nada doado paso de Escila e Caribdis, do mesmo modo como acontece na *Odisea*⁴⁰. Non obstante, na *Crónica* hai unha clarísima omisión, pois non se mencionan os nomes destas partes do mundo, unicamente se di: “Contarvos quero eýnda outro perígoo grande per que pasey et hu foy muyto a çerqua da morte. Et pasey per entre *ela* e a rribeyra, et aly hu o mar fazia rremuño. Non vive enno mundo cousa que a aquel lugar chegue que ende posa escapar [...]” [*Crónica*, p. 717. F. 184v.]. Na versión da *Historia Troyana* si nos son revelados os nomes destas paraxes, deformados, de Escila e Caribdis, en Laçila e Caribedmy:

Contarvos quero contar outro grande peligro [*sic*] que pasey enno qual foy en temor de morte. Eu pasey *por ontre Laçila et Caribedmy*. Et aly há o mar o onblygo. Et non ha enno mundo cousa que a aquel mar chegue que ende posa escapar. [*Historia*, p. 355. F. 213r. Galego]

67

Neste perigo falecen gran parte dos compañeiros do protagonista: “Et quando eu pasey per aquel lugar con meus compañeyros, fuy malament’ enganado, ca mays da meatade me sorveu deles , ali ante meus ollos” [*Crónica*, pp. 717-718. F. 184v.] Pero, pese a que non se nos diga en ningún momento o xeito que ten Ulises de conseguilo, o certo é que “escapey ende con poucas naves de quantas levava” [*Crónica*, p. 718. F. 184v.].

Finalmente, Ulixas cae baixo o poder dos fenicios, feito tomado seguramente da falsa narración de Odiseo a Palas Atenea, á que fixemos referencia anteriormente, e que aquí volve ser dada por verídica. Os fenicios son descritos de modo terminante na *Crónica Troiana*: “Et fanýcees en aquel tenpo eran hñus poboos que davan guerra a todo o mundo. Et eran rroubadores et malfeytores a sobreguisa” [*Crónica*, p. 718. FF. 184v./ 185r.]. Os fenicios roubaránlles a Ulises e aos seus o pouco que inda lles restaba de todas as súas riquezas , e estes, cisgando a duras penas de tais ladróns, chegarán por fin á

⁴⁰ *Odisea* cit., pp. 227-228.

corte de Ydameens, dende onde o heroe se dirixirá ao pazo de Alçgeom (probabelmente adaptación do nome de Alcínoo), e dende aquí volverá á súa terra [Cfr. *Crónica*, pp. 718-719. F. 185r.].

É precisamente durante a súa estancia onda Alçgeom que o noso personaxe se informará dos problemas que hai na súa casa, sobre todo por culpa dos “cavaleyros” que pretenden a súa dona Penélope:

Estando Ulixas con el rrey Alçgeom, aprendeu novas de sua terra, estrayas et grandes a sobreguisa, ca lle diseron que mays de triinta cavaleyros, rricos et de gran lugar et poderosos, foron ajuntados por casar con sua moller Pelónape, et gran tenpo avia que y eran. [*Crónica*, p. 719. F. 185r.]

Os cabaleiros non conseguen en absoluto convencer a Penélope, por moito que llo preguen, pois esta áchase resolta a esperar ata a fin ao seu esposo. O narrador da *Historia Troyana* aproveita aquí a ocasión para se recrear describindo a situación psicolóxica pola que debía estar a pasar a heroína grega, oportunidade que o autor da *Crónica* desbota:

68

Et cada hun a rrogavan [*sic*] muyto et avian gran voontade de a levar pera a sua terra. Mais ela por nihña maneyra non quiso consentir, mais senpre tevo lealdade et verdade a seu marido, desde fuy sobre Troya. Et a sua tardança nunca lle a ela enpeesceu pouco nen muyto, ca Deus quiso dar a esta duas cousas ajuntadas que non dou a outras muytas, ca lle dou fremosura et bondade, todo de consũu. [*Crónica*, pp. 719-720. F. 185r.],

limitase a dicir a *Crónica*, mentres que, como dicimos, a *Historia* amplía moito máis os detalles neste punto:

Et avian gran voontade de a levar para sua terra. Mays ella por nengũa maneyra nunca quiso consyntir a cousa que lle disesem nen que lle prometesem, mays sempre tovo fe et lealdade et verdade a seu marido despoys que con el foy juntada, et desde se parteu de Arcadia et foy sobre Troya a commoquer que foron moytos anos pasados, et moytos coydavan que el era morto. Et ela sempre asperou a sua viinda. Et sempre dizia que vivo era Ulixas, seu marido. Et a sua tardada

nunca lle a ela enpeesceu pouco nen mays. Porque Deus quiso dar a esta duas cousas ajuntadas que non dou a outras moytas: ca lle dou fre-mosura et beldade todo de consõo. [*Historia*, p. 356. F. 213v. Galego]

Non se fai mención, en ningún momento e en ningunha das dúas novelas, do asunto da celebérrima tea que tecía Penélope na Odisea.

Os cabaleiros fan todo tipo de manifestacións da súa forza e atractivo perante a fermosa, pero ela negarase a lles facer caso, enfadarase con eles e insultaraos. Unha vez máis, a *Crónica* limitábase a darnos unicamente unha visión de conxunto sobre a situación:

Et todo esto fuy contado a Ulixas, et eynda mays, se fose aló, que os acharia en sua casa, pero que, por nihũa maneyra, non podían vencer a Pilónape, por cousa que lle disesem nen prometesem. Et todo o ela preçava muy pouco et todo o desanparava. Et eles non davan por ela nada, et preçavan pouco sua saña, nen sua ameaza. Mays todos cada día andavan ante ela bufurdando et lançando o travado. Et cada hun tiiña mentes se o escolleria ela a el. Mais ella todo o tiiña por folia et avia ende gran pesar. [*Crónica*, p. 720. FF. 185r./185v.],

69

mentres que a *Historia Troyana* converte toda esta pasaxe nunha rica e esplén-dida escena:

Mays pero por nengũa maneyra non poderían vencer a Penálope por cousa que lle disesem nen lle prometesem. Ca ella non preçava pouco nen moyto cousa que lle d' eles fose dita nen rrazoada nen prometi-da, ca a todos preçava moy pouco. Et de todos curava moy pouco, ante se despagava de quantas cousas lle dizían, e asañava-se contra elles et ameaçava-os moyto. Et elles non davan por ello nada, et preçavan pouco sua saña nen sua ameaza, mays todos cada día anda-van ante ella, bufurdando et lançando a tablados [*sic*]. Et cada hun deles fazia o mellor torneo et mays fremoso que podia, et outros tre-bellos de moytas et diversas maneyras. Et todo esto fazían teendo mentes cada hun se ella escolleria en el; mais ela todo o tiiña por vile-za, et avia ende gran pesar. [*Historia*, pp. 356-357. F. 213v. Gallego].

Ulixas pide axuda a Alçeom, que se compromete a ir con el e con moitos dos seus soldados aos pazos daquel, para tomar venganza de tan desleais

cabaleiros [Cfr. *Crónica*, p. 720, F. 185v.]. Así que os partidarios do noso protagonista saen dos feudos de Alçgeom e diríxense a Ítaca. Alí encontrarán un espectáculo lamentábel, posto que os nobres pretendentes converteran a casa do vencedor de Troia nunha corte amorosa onde fan concursos de poesía e dedícanse a trobar e a incomodar a Penélope. Así o reflicte a *Crónica*:

Et tan grand' era a volta que toda a casa estremecia, ca aly eran os jograres muytos, con violas et con çitolas et con outros estormentos muytos, et jograresas, que cantavan et descantavan et tronpavan, et fazian trebellos muytos et de muytas maneyras, et outros trobavan. Et os cavaleyros lançavan a travados et bufurdavan. Et fazian todo esto, se poderian aver amor de Pilónape. [*Crónica*, p. 721. F. 185v.]

A *Historia Troyana*, pola súa parte, fai unha descrición máis pormenorizada e detallista da escena:

Et tam grande era a volta que toda-las casas estremeciam. Ca ali eram os jograres moytos de moytas maneyras: os hũus con vyolas, outros con loúdes, outros con çitolas, outros con çinfonías, outros con arpas, outros con salteyros et órgõos, et quantos estormentos poderom achar: tantos aly ajuntarom para a vençer et trastornar o coraçon dela; et ela non se curava de aquelas jograrias. Et eles tomarom jograresas que cantavan et descantavan et tumbabam, et faziam trebellos moytos et de moytas guisas et de moytas maneyras. Et outrosi outros trobaban. Et os cavaleyros dançavan de moytas guisas. Et bufordavan, et rriam et fazian outras moytas cousas por veer se poderian aver a Penálope, moller de Ulixas. [*Historia*, p. 357. F. 174r. Galego].

Ulixas rencontra seu fillo Telámacus [*Crónica*, p. 721. F. 185v.] ou Telómacus [*Historia*, p. 357. F. 174r. Galego], é dicir, Telémaco. Reúne todo un exército con este, con Alçgeom e os seus homes, e caen sobre os trobadores namentres estes dormen, e mátanos todos, “que non escapou nihun vivo” [*Crónica*, p. 721. F. 185v.] Despois, cando todos no país se informen de que Ulises está novamente entre eles, que venceu aos que tentaban usurpar o seu trono e casar coa súa dona, reinará arreo a ledicia, e celebrarán todos o feito cun banquete onde escoitan de boca do victorioso heroe as súas fazañas e as marabillas de Troia. Para o protagonista, loxicamente, a alegría é aínda maior, pois recuperou a súa esposa e vivirá con ela en paz e harmonía, como se nos di

no que é un máis que “clásico” *happy end*, cunha louvanza, asemade, a Penélope:

Et Ulixas amou moyto et preçou des aly endeant’ a Prilónape, sua moller, porque tan maravillosament se provara por boa dona. Et todos dizian dela tanto bem que mays non poderian. Et por ende, senpre despois, ela fui muyto amada et moy preçada. Et ja mays⁴¹ a bondade de Pilónape será nomeada per todo o mundo, ca viint’ anos o aguar-dou; et, sen falla, tal bondade de moller será en este mundo muy d’ aduro achada. [*Crónica*, p. 722. F.186r.].

Andrés Xosé Pociña López
Universidade de Extremadura

⁴¹ “Ja mays”: debe entenderse, conforme á linguaxe da época, como “dende entón e para sempre”.